



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 28 DE AGOSTO DE 2024

En Laxe, sendo as 14:00 horas do 28 de agosto de 2024, reúnense, no Salón de Plenos do Concello, aos efectos de celebración da sesión extraordinaria, o alcalde, don Francisco Charlín Oróns (PP), presidindo o Pleno e os concelleiros:

Dona Raquel Lema Allo (PP)
Dona Sandra Mouzo Pose (PP)
Don Eulogio Constantino Castiñeira (PP)
Dona Begoña Gegúndez Allo (PP)

Don Xosé Manuel Pose Lema (BNG)
Dona María Cristina Vázquez del Prisco (BNG)
Dona Isabel María Toja Toja (BNG)

Don Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE)

Don Fernando del Moral Regaldíe (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS)

Non asiste o concelleiro do PP, D. Daniel Mata Martínez.

Actúa como secretaria-interventora accidental, Dona Emilia Alborés Lema.

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese o análise dos puntos incluídos na Orde do Día.

1. Designación dos festivos locais para o ano 2025. Expte. núm. 2024/X006/000043

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA AO PLENO DA CORPORACIÓN

Expte. Admvo: 2024/X006/000043

Vista a comunicación do Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social sobre o calendario laboral do ano 2025,

Co obxecto de determinar os dous días de festas locais con carácter retribuído e non recuperable, segundo establecen os artigos 37.2 do Estatuto dos Traballadores e o 46 do Real decreto 2001/1983, de 28 de xullo, e tendo en conta as festas laborais na Comunidade Autónoma de Galicia e as festas de ámbito estatal que se prevén para o ano 2025,

Proponse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: *Propoñer como festivos de carácter retribuído e non recuperable para o vindeiro ano 2025 as seguintes datas:*

LUNS 9 DE XUÑO DO 2025 (Día do Peñón)

LUNS 21 DE XULLO DO 2025 (Festividade de Santa Cruz da Rosa)

Segundo.- *Remitir certificación deste acordo ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para ter en conta no calendario laboral do ano 2025.”*

Intervén D. Francisco José Vidal Castro (Integrante do Grupo mixto e representante do PSdeG PSOE) para preguntar porqué non se propón como festivo local, o día de San Roque, 16 de agosto. Ao que resposta o sr. Alcalde que para o ano 2025, o día de San Roque cae en sábado, polo que se opta por poñer o Día do Peñón.

Non habendo mais intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

VOTOS A FAVOR: 10 [(5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo)

3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) 2 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE e Don Fernando del Moral Regaldíe representante de UNIDAS PODEMOS)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 0

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

Primeiro: Propoñer como festivos de carácter retribuído e non recuperable para o vindeiro ano 2025 as seguintes datas:

LUNS 9 DE XUÑO DO 2025 (Día do Peñón)

LUNS 21 DE XULLO DO 2025 (Festividade de Santa Cruz da Rosa)

Segundo.- Remitir certificación deste acordo ao Servizo de Emprego, Relacións Laborais, Traballo Autónomo e Economía Social da Xefatura Territorial da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, para ter en conta no calendario laboral do ano 2025.

2.- Aprobación, se procede, da participación na 2ª fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan Único de concellos) POS+ ADICIONAL 2/2024. Expte. núm. 2023/A008/000042.

Dase conta da seguinte proposta da Alcaldía:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DA 2ª FASE DO POS+ ADICIONAL 2/2024

Expte. Admvo. Núm. 2023/A008/000042

O Pleno da Deputación da Coruña, na sesión realizada o 31/05/2024, aprobou a modificación das bases reguladoras do POS+ 2024 para engadir as bases 13 e 14 para regular o POS Adicional 2/2024 e 3/2024 e os seus anexos, publicando esta modificación no BOP núm. 108 de 05/06/2024.

Con data do 03/06/2026, a Deputación Provincial enviou a este concello circular específica para a elaboración do POS+ Adicional 2/2024 para investimentos financeiramente sostibles e gastos corrente por maior achega da Deputación, na que se comunicaba que a cantidade que lle corresponde a este concello no POS+ ADICIONAL 2/2024 é de 229.066,51 euros, dos que se adicarán a investimentos financeiramente sostibles como mínimo 106.224,34 euros e a gasto corrente como máximo 122.842,17 euros. Nesta circular especificase que:

“[...] En síntese, os concellos poderán aplicar a achega provincial asignada dentro deste Plan para o financiamento dos dous seguintes obxectos previstos nestas Bases reguladoras do POS+ 2024, respectando o importe mínimo indicado para Investimentos financeiramente sostibles (IFS) e o importe máximo que se pode destinar ao financiamento do gasto corrente:

- Investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen no apartado específico da Base 2.2 e concordantes. O concello poderá solicitar a aplicación da achega provincial asignada neste POS+AD2/2024 ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles dos xa aprobados polo concello no Plan Complementario ao POS+ 2024 (opción recomendada porque simplifica a tramitación), aínda que tamén pode solicitar outros novos investimentos financeiramente sostibles.*
- Gastos correntes do concello devengados durante o exercicio 2024, segundo se definen nas bases 2.1, 13 e concordantes, distintos dos financiados con cargo ao Plan Base se así se solicitaron polo concello...[...]*

Considerando o exposto, con respecto ao POS+ Adicional 2/2024, formúlase a seguinte proposta ao



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Pleno:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2024**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	91.380,72 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos				Orzament o total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipa I	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem.d e auga potable		
TOTAL					

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				Orzament o total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipa I	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable		
Proxecto técnico de Renovación de firme en Rúa Besugueira, Concello de Laxe	137.685,79 €	0	0	0	137.685,79 €

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

TOTAL	137.685,79 €			137.685,79 €
--------------	--------------	--	--	--------------

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Achega municipal	IVE Soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+ 2024 Base)	91.380,72 €				91.380,72 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)					
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	137.685,79 €				137.685,79 €
TOTAL	229.066,51 €				229.066,51 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias para os investimentos que o requiran.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Intervén en primeiro lugar, D. Fernando del Moral Regaldie (Integrante do Grupo mixto e representante de UNIDAS PODEMOS) para preguntar se no proxecto técnico de Renovación de firme en Rúa Besugueira, se refire á execución da obra completa. Explica o sr. Alcalde que se refire a execución da obra en Rúa Besugueira, que se realizou un novo proxecto de acordo cos requisitos da Deputación da Coruña, no que se inclúe actuacións ata a metade da rúa.

Intervén a continuación, D^a M^a Cristina Vázquez del Prisco (concelleira do BNG) para preguntar a qué se van a destinar os gastos correntes. Resposta o sr. Alcalde que se van adicar a subministración de auga potable e ao alumeadado público.

Non habendo mais intervencións, sométese o asunto a votación, obtendo o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: 9 [(5 do PP (Don Francisco Charlín Oróns, Dona Raquel Lema Allo, Dona Sandra Mouzo Pose, Don Eulogio Constantino Castiñeira e Dona Begoña Gegúndez Allo), 3 do BNG (Don Xosé Manuel Pose Lema, Dona María Cristina Vázquez del Prisco e Dona Isabel María Toja Toja) e 1 do Grupo Mixto (Don Francisco José Vidal Castro, representante do PSdeG-PSOE)]

VOTOS EN CONTRA: 0

ABSTENCIÓNS: 1 do Grupo Mixto (Don Fernando del Moral Regaldie representante de UNIDAS PODEMOS)]

Polo tanto, queda aprobado o seguinte ACORDO:

1.- Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) “**POS+ ADICIONAL 2/2024**” da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	91.380,72 €

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles <u>SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024</u> (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos				Orzament o total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipa l	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem.d e auga potable		



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
 Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

TOTAL				

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				Orzament o total
	Deputación	Concello		Total concello	
		Achega municipa l	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)		
Proxecto técnico de Renovación de firme en Rúa Besugueira, Concello de Laxe	137.685,79 €	0	0	0	137.685,79 €
TOTAL	137.685,79 €				137.685,79 €

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello		Total concello	Orzament o Total
		Achega municipal	IVE Soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)		
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+ 2024 Base)	91.380,72 €				91.380,72 €
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)					



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903
Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	137.685,79 €				137.685,79 €
TOTAL	229.066,51 €				229.066,51 €

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e ten solicitadas as autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias para os investimentos que o requiran.

3.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

4.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

7.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Rematado o obxecto da presente sesión, o alcalde da por finalizada, sendo ás 14:08 horas do día da data e no lugar ao principio indicados, estendéndose por min a secretaria accidental a presente acta que asina o alcalde; para que, unha vez aprobada a acta polo Pleno do Concello de Laxe, se proceda a súa transcripción ao libro correspondente.